

Santiago, Decembro 2008.

A Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC) quere facer chegar ós máximos responsables da Consellería de Sanidade o seu descontento coas actitudes que se están tomando dende a beira da administración cara ós médicos de familia da nosa comunidade.

Non podemos entender que unha sociedade que representa ó maior número de médicos de calquer ámbito no territorio autonómico galego non sexa nin escoitada nin informada das decisións que se toman sobre ou seu presente e futuro laboral.

Non entendemos cal é o camiño de colaboración e bidireccionalidade creada entre a AGAMFEC e a Consellería de Sanidade, xa que sentímonos discriminados e non escoitados por parte de dita Consellería de Sanidade.

A AGAMFEC abriu as súas portas para apoiar enerxicamente o papel e as actividades que a Consellería de Sanidade está a facer nestes intres: Plan Mellora Atención Primaria, Publicación na nosa revista "Cadernos" dun espazo dedicado á Saúde Pública, apoio fronte ás convocatorias de folga polos sindicatos,...

Fronte á nosa actitude de apoio e colaboración, encontrámonos nun panorama no que a nosa sociedade non encontra a resposta por parte da Consellería.

Nos momentos importantes para a nosa especialidade, non se conta connosco. Non se nos convoca, nin se nos escoita, nin se nos informa das negociacións dos Baremos da OPE, da Carreira Profesional...

Isto fai que se cree unha atmosfera irrespirable na Atención primaria galega na que, repito, puxemos todo de noso lado e non recibimos nada a cambio.

Polo que solicitamos de dita Consellería de Sanidade que retifique na súa actitude cara á nosa sociedade e a teña en conta á hora de tomar decisións que impliquen á práctica profesional e ó futuro laboral dous seus membros.

E solicitamos que como primeira medida para demostrar o seu achegamento paralice o Baremo publicado para a OPE 2008 de Médico de Familia e coa Lei vixente, adecúe o Baremo a unha realidade máis próxima ós profesionais da Atención primaria galega.



Dr. Jaime González Rey
Presidente AGAMFEC